

# AS RELACIÓNS COMERCIAIS DE GALICIA CO TERCEIRO MUNDO (1990-1994)

XOSÉ ANTÓN FERNÁNDEZ ROXO

Departamento de Economía Aplicada  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade de Vigo

Recibido: 5 novembro 1996

Aceptado: 19 maio 1997

---

**Resumo:** O presente traballo pretende achegarse á actividade comercial entre Galicia e o Terceiro Mundo nun período recente: 1990-1994. Con este fin, primeiro faise un repaso do comercio exterior galego en xeral, para a continuación aproximarse ó comercio galego co Terceiro Mundo dende tres perspectivas: unha de conxunto, outra por áreas xeográficas e países e unha última por produtos. O resultado final desta observación permítenos concluir que se trata dunha relación comercial cativa, asimétrica en favor das importacións, concentrada e moi dispar xeograficamente, exercendo en Galicia un papel de "Fisterra" europea.

**Palabras Clave:** Galicia; Terceiro Mundo; Relacións comerciais.

## TRADE RELATIONS BETWEEN GALICIA AND THE THIRD WORLD (1990-1994)

**Summary:** This paper attempts to analyse trade relations between Galicia and the Third World from 1990 to 1994. In this way, we will first deal with Galician foreign trade in general and then we will tackle Galician trade, bearing in mind three different approaches: first, trade relations as whole, second, geographical areas, and thirdly products. The final result of these observations will enable us to infer that foregoing trade relations are few, asymmetric —favouring imports—, concentrated and very geographically disparate, in which Galicia plays the role of the European "Finisterre".

**Keywords:** Galicia; Third World; Trade relations.

---

## INTRODUCCIÓN

Os axentes económicos e sociais galegos son cada vez máis conscientes de que a *internacionalización* e a *globalización* da economía afectan á súa actividade<sup>1</sup>. A entrada na Comunidade Europea en 1986 acentuou esa percepción, xerando un interese crecente por coñecer os países cos que se dan relacións comerciais, de investimento ou de cooperación, así como con aqueles cos que se abren posibilidades de facelo.

Neste contexto, o apartado comercial destaca, motivando importantes esforzos tanto analíticos como operativos. Por razóns que a ninguén se lle escapan, reciben unha especial atención as relacións comerciais con Europa. Quedan, sen embargo, bastante relegadas as relacións extraeuropeas, o que, no tocante á faceta académica, se manifesta na escaseza de estudos nesta dirección<sup>2</sup>.

---

<sup>1</sup> A versión inicial deste traballo é o resultado do informe solicitado polo Comité Galego da Fundación para o Desenvolvemento INTERMON, publicado por esta Fundación. O documento resultante forma parte da Campaña que, no ámbito galego, vai levar a cabo esta ONGD durante o bienio 1996-1998 baixo o lema de "Pola súa dignidade: Comercio xusto, consumo responsable".

<sup>2</sup> Traballos recentes relacionados co tema son os realizados por Fernández Leiceaga (1992) e Novo Corti (1992), centrados en América Latina.

O presente traballo pretende contribuír a enche-lo baleiro existente a este respecto, analizando *as relacións comerciais de Galicia co Terceiro Mundo*<sup>3</sup> para o lustro 1990-94. Previamente, e de modo introductorio, realizarase un breve repaso do comercio exterior galego en conxunto.

Convén sinalar, por último, que a información manexada procede fundamentalmente dos *Informes de Comercio Exterior de Galicia* que Begoña Cristeto e José Sánchez realizaron para o período 1990-94 de acordo cos datos dispoñibles da Dirección Xeral de Aduanas (Ministerio de Comercio e Turismo)<sup>4</sup>.

## O COMERCIO EXTERIOR GALEGO

Para realizar unha radiografía recente do comercio exterior galego, cómpre acudir a dúas fontes estatísticas de distinta natureza pero que proporcionan información complementaria: as Táboas Input-Output para Galicia de 1990 (TIOGA 90) e o Informe anual de Comercio Exterior de Galicia.

### O COMERCIO SEGUNDO ÁS TIOGA 90

As TIOGA 90<sup>5</sup> teñen a virtude de considerar Galicia como unha área económica autónoma, reflectindo as transaccións que se realizan, por unha banda, co resto de España e, por outra, co resto do mundo. Os datos máis relevantes sobre comercio exterior obtidos desta fonte quedan recollidos no cadro 1, e pódense destacar dúas consideracións da súa observación.

En primeiro lugar, trátase dun comercio marcadamente *interrexional*: o 79% das transaccións realízanse coas distintas comunidades autónomas do Estado español. En consecuencia, a participación no *comercio internacional* propiamente dito é cativa, dirixíndose fundamentalmente cara á Unión Europea<sup>6</sup>.

En segundo lugar, as importacións practicamente se compensan coas exporta-

<sup>3</sup> Emprégase o concepto de Terceiro Mundo para defini-lo conxunto de países que non se inclúen entre os máis desenvolvidos (a totalidade de Europa xunto cos países da OCDE non-europeos). Isto supón mesturar países con realidades moi diversas —dende países pequenos moi pobres ata países grandes con moitos recursos, pasando por países con procesos emerxentes de industrialización, etc.—, co risco de simplificación que implica. Ademais, supón excluír algúns países europeos que dificilmente se poden considerar desenvolvidos. De tódolos xeitos, a razón desta forma de proceder reside na intención de aproveitar-los datos dos que se dispón e, ó mesmo tempo, asimila-los resultados ós que presentan Albareda (1996) e Oliveres (1995). Poderíase ser máis restrictivos pero, tendo en conta os países cos que se comercia e as cifras que se manexan, a alteración nos resultados non sería relevante.

<sup>4</sup> A metodoloxía empregada pola Dirección Xeral de Aduanas asigna os datos das importacións e das exportacións entre as distintas comunidades autónomas en función da orixe e do destino final das mercadorías e non en función do domicilio fiscal dos axentes operantes. Esta metodoloxía, xunto co nivel de desagregación co que se presentan os datos, permite aborda-lo obxectivo previsto.

<sup>5</sup> Fernández Leiceaga (1995) realiza unha análise polo miúdo do comercio exterior galego segundo esta fonte, comparando os datos de 1990 cos de 1980.

<sup>6</sup> Outro dato que pon de manifesto esta escasa participación no comercio internacional é o seguinte: en 1993 as exportacións galegas sobre o PIB galego supoñen o 12,4%, valor moi inferior ó 16% que se dá no caso español. Ver Cristeto (1994, p. 112).



cións, resultando un déficit comercial insignificante —12 mil millóns de pesetas— e unha taxa de cobertura do 99%. Evidentemente, se se realiza unha desagregación por áreas o resultado non é o mesmo: co "resto de España" e coa Unión Europea prodúcese un pequeno superávit comercial e a taxa de cobertura supera lixeiramente o valor de 100; co "resto do mundo" ten lugar un déficit comercial máis avultado e a taxa de cobertura, en cambio, é moi pequena.

**Cadro 1.- Comercio exterior galego segundo as Táboas Input-Output (1990)**

	<i>Importacións</i> (I)		<i>Exportacións</i> (X)		<i>Comercio exterior</i> (I)		<i>Saldo comercial</i> (2)	<i>Taxa de cobertura</i> (3)
Resto España	1.163.461	76,8	1.214.539	80,9	2.378.000	78,9	51.078	104,4
Unión Europea	205.994	13,6	228.036	15,2	434.030	14,4	22.042	110,7
Resto Mundo	146.641	9,6	57.840	3,9	204.481	6,7	-88.801	39,4
<b>TOTAL</b>	<b>1.512.848</b>	<b>100,0</b>	<b>1.500.469</b>	<b>100,0</b>	<b>3.013.317</b>	<b>100,0</b>	<b>-12.379</b>	<b>99,2</b>

Millóns de pesetas e porcentaxe.  
(1) I+X; (2) X-I; (3) X×100/I.

FONTE: Elaboración propia a partir de TIOGA 90.

## O COMERCIO SEGUNDO ADUANAS

O criterio empregado por Aduanas consiste en contabilizar as operacións realizadas fóra do territorio español<sup>7</sup>. Centrándose nos datos máis recentes —Informe 1994—, pódese obter unha información sobre o comercio exterior galego complementaria á proporcionada polas TIOGA 90. En concreto, permite coñecer desagregadamente os produtos comercializados, a súa procedencia/destino e as principais áreas coas que se realizan intercambios (cadro 2). En liñas xerais estes apuntamentos son extrapolables a anos anteriores<sup>8</sup>.

♦ *Importacións por sectores:* As importacións *enerxéticas* (fundamentalmente petróleo e hulla) teñen un peso relevante (15%). Na súa meirande parte son realizadas pola planta de refinamento de Repsol na Coruña e pola central térmica das Pontes. Os principais países subministradores son Libia, México, o Reino Unido, os Estados Unidos, Arabia Saudí, Tunicia e Nixeria.

No *sector primario* destacan as importacións relacionadas coa *pesca* (16,4%) que, evidentemente, están moi vinculadas coa explotación de caladoiros estranxeiros, fundamentalmente da Arxentina, Namibia, Reino Unido e Chile. Tamén teñen certa relevancia os *productos forestais* (3%), procedendo a metade de países do sur (Brasil, Camerún, Costa de Marfil, etc.) e a outra metade de países do norte (Estados Unidos, Suecia e Finlandia).

<sup>7</sup> Ve-la metodoloxía empregada na nota 4.

<sup>8</sup> Cristeto (1994) fai un percorrido por esta fonte estatística no período 1988-1993.

**Cadro 2.- Comercio exterior galego segundo Aduanas (1994)**

	<i>Importacións</i> (I)		<i>Exportacións</i> (X)		<i>Comercio exterior</i> (I)		<i>Saldo comercial</i> (2)	<i>Taxa de cobertura</i> (3)
Sector enerxético	87.859	15,0	17.092	3,5	104.951	9,8	-70.767	19,4
Sector non enerxético	497.668	85,0	468.678	96,5	966.346	90,2	-28.990	94,2
Sector primario	185.954	31,8	134.585	27,7	320.539	29,9	-51.369	72,4
Semimanufacturas	58.639	10,0	82.205	16,9	140.844	13,1	23.566	140,2
Manufacturas	253.075	43,2	251.888	51,9	504.963	47,2	-1.187	99,5
TOTAL	585.527	100,0	485.770	100,0	1.071.297	100,0	-99.757	82,9
Europa	373.340	63,7	407.688	83,9	781.028	72,9	34.348	109,2
OCDE (sen Europa)	37.909	6,5	34.381	7,1	72.290	6,8	-3.528	90,7
Terceiro Mundo	174.278	29,8	43.701	9,0	217.979	20,3	-130.577	25,0

Millóns de pesetas e porcentaxe.  
(1) I+X; (2) X-I; (3) Xx100/I.

FONTE: Elaboración propia a partir de Cristeto e Sánchez (1994).

As importacións do *sector de semimanufacturas* teñen unha participación relativamente pequena no total. Cómpre subliñala *industria química* (productos químicos orgánicos, plásticos, caucho, etc.) (5,1%), que proceden na súa meirande parte de Europa, tendo certo protagonismo as importacións de Alxeria, Arabia Saudí, Marrocos e Brasil. Tamén se poden sinalar as importacións *metálicas* (ferro, aceiro, aluminio, etc.) (4,6%), que subministran, entre outras, ás empresas do sector naval e a Alúmina Española. Neste caso, o predominio é claramente europeo, con algunha participación de países como Marrocos.

Nas importacións do *sector de manufacturas*, cunha importancia capital no comercio exterior galego, cómpre distinguir entre bens de equipo (35,5%) e bens de consumo (7,7%). No tocante ós *bens de equipo* (motores, compoñentes de turismo, turismos, barcos de pesca, etc.), que subministran á Citroën e a unha parte do sector pesqueiro, a procedencia na súa case que totalidade correspóndelle á Unión Europea. Por outra banda, nos *bens de consumo*, fundamentalmente *téxtil* (5,5%), anque se mantén o predominio europeo (Portugal e Italia sobre todo), teñen unha cota destacable China, Hong Kong, India, Xordania e Corea do Sur.

♦ *Exportacións por sectores*: As exportacións *enerxéticas* teñen pouca importancia no total; destacan tan só as referidas a aceite de petróleo (3%), que son absorbidas polos Estados Unidos, Francia e Togo, fundamentalmente.

No *sector primario* destacan, en primeiro lugar, as exportacións de *productos pesqueiros, productos cárnicos e conservas* (14,7%), que se dirixen maioritariamente á Unión Europea, ós Estados Unidos e ó Xapón e, en menor medida, a México, Taiwán e Arxentina. En segundo lugar, resaltan as vendas asociadas a *productos forestais* (7%), con destino ós países europeos, ós Estados Unidos, ó Xapón, Israel e Emiratos Árabes. Por último, hai que sinalar a importancia das vendas de *granito* (2%) a Taiwán, Unión Europea, Xapón, Indonesia e Singapur.



A participación das exportacións de *semimanufacturas* sobre o total mellora respecto ás importacións, centrándose fundamentalmente en *productos químicos inorgánicos* (1,7%), *fundición* (3,5%), *aluminio* (1,3%) e *lousa elaborada* (5,3%). Os destinos que acaparan case que tódalas vendas son Europa e América do Norte.

Seguindo coa división do *sector de manufacturas*, nas exportacións de *bens de equipo* destacan sobre todo as relacionadas co *material de transporte terrestre* (40,7%) e que están vinculadas á produción de Citroën que se dirixe cara á Europa. En menor contía están outras partidas, como *maquinaria* (2,6%) e *transporte marítimo* (2,6%) que, ademais de colocarse en Europa e América do Norte, tamén se dirixen cara a países como Liberia, Arxentina, Brasil, Panamá, etc. No tocante ós *bens de consumo*, as vendas de *téxtil* (4%), asociadas en boa parte a Inditex-Zara, supoñen a partida máis destacable. A compra destas manufacturas é realizada pola Unión Europea, México e Xapón.

◆ *Comercio exterior por áreas xeográficas*: Despois do comentado ata agora, quedan claras cáles son as relacións comerciais de Galicia fóra de España, e que non difiren no substancial do visto previamente coas TIOGA 90. Confírmase así que Europa —e máis concretamente a Unión Europea— é a principal área de actividade comercial (72,9%) con Galicia. As exportacións superan ás importacións, anque nunha cantidade reducida. En segundo lugar, o resto de países avanzados, recollidos no epígrafe "OCDE (sen Europa)", teñen unha actividade escasa (6,8%) con Galicia, dándose un lixeiro predominio do capítulo de importacións. Por último, o resto do mundo —que para os efectos do presente traballo se engloba baixo o epígrafe de Terceiro Mundo— participa dun xeito bastante discreto no comercio exterior galego (20,3%).

## CARACTERÍSTICAS XERAIS

Conxugando os resultados do estudio das dúas fontes estatísticas manexadas coas conclusións achegadas por outros traballos que analizan o comercio exterior galego dun xeito global<sup>9</sup>, pódense resumir en *cinco* as súas características:

- 1) *Moi concentrado espacialmente*: Por unha banda, a parte máis importante da actividade comercial diríxese cara ó resto do Estado e, en menor medida, cara á Europa. Esta realidade acentúase dende o momento en que España se incorpora ó Mercado Único Europeo e se suprimen as barreiras comerciais con ese espazo económico. Por outra banda, son as provincias de Pontevedra (61% en 1994) e A Coruña (29%) as que monopolizan a actividade comercial fóra de España (De Miguel e Otero, 1992, p. 82; Cristeto, 1994, p. 113).
- 2) *Moi especializado*: Catro capítulos (material de transporte, pesca, petróleo e maquinaria) cobren as dúas terceiras partes das importacións. Outros catro ca-

<sup>9</sup> Dende a perspectiva xeral, á parte dos traballos mencionados de Fernández Leiceaga (1995) e Cristeto (1994), tamén se poden cita-los traballos de De Miguel e Otero (1992) e VV.AA. (1987).

- pítulos (automóbiles, pesca, manufacturas da pedra e aluminio) dominan outro tanto do apartado de exportacións.
- 3) *Estructura exportadora pouco vertebrada*: En 1992 tres transnacionais (Citröen, Repsol e Alúmina Española) supoñen o 37,8% das exportacións galegas. Nese mesmo ano tan só 35 empresas exportan máis de 1.000 millóns de pesetas. Pola contra, a maioría dos exportadores son pequenas e medianas empresas cun volume de exportación inferior ós 100 millóns de pesetas, que oscila entre o 5% e o 10% da súa facturación (Cristeto, 1994, p. 113).
  - 4) O *grao de apertura comercial* galega aínda é pequeno, en consonancia co limitado desenvolvemento da economía galega. Para 1991 toma o valor de 21,4% fronte ó 28,3% de media do Estado español ou máis do 40% no caso de Cataluña, Madrid e Navarra (De Miguel e Otero, 1992, p. 86).
  - 5) Nos intercambios de Galicia co "resto de España" e co "resto do mundo" prevalece un tipo de *comercio tradicional*, baseado máis nas vantaxes comparativas (productos diferentes). Pola contra, nos intercambios coa Unión Europea ten máis peso o *comercio intraindustrial* (productos semellantes) (Fernández Leiceaga, 1995, p. 122).

## AS RELACIÓNS COMERCIAIS DE GALICIA CO TERCEIRO MUNDO

### ANÁLISE AGREGADA (1990-94)

Partindo de que o comercio fóra de España supón aproximadamente a quinta parte da actividade comercial galega, trátase agora de analiza-las transaccións realizadas cos países do Terceiro Mundo e a importancia relativa destas sobre o total das transaccións internacionais, así como a evolución seguida no período de estudo. Empregaranse os datos de España como termo de referencia (cadro 3).

O primeiro que se pode ver é a notoria superioridade das importacións sobre as exportacións. Precisamente, a taxa de cobertura de Galicia co Terceiro Mundo anda polo 26%<sup>10</sup>, o que permite anticipa-lo papel que desenvolven eses países como fornecedores de recursos, así como a dificultade ou o desinterese do sector exportador galego para coloca-los seus productos neles. Se se fai a comparanza co conxunto do Estado —que conta cunha taxa de cobertura que supera o 50%, acadando valores próximos ó 80% nos dous últimos anos— vese como a asimetría é moito máis marcada e non ten traza de mellorarse coma neste caso.

A pesar do comentado, a participación do Terceiro Mundo no comercio galego móvese nun intervalo discreto: entre o 20% e o 30%, netamente superior, por

<sup>10</sup> A taxa de cobertura de 1993 habería que illala debido a que o infrecuente valor das exportacións está asociado, en boa parte, ós efectos das desvalorizacións da peseta sufridos entre os anos 1992 e 1993 que, en menor medida, tamén afectou ás importacións dese ano.



exemplo, á participación no comercio catalán —15% para 1993<sup>11</sup>—. Isto é comprensible se se ten presente o raquíticas que resultan as transaccións realizadas co exterior e que a meirande parte destas son importacións de materias primas e enerxía, imprescindibles para o aparello productivo interior. De tódolos xeitos, cómpresinalar que a tendencia posta de manifesto no período estudado —pásase do 27% en 1990 ó 20% en 1994— diríxese cara a unha progresiva deterioración na devandita participación, consecuenta coa retardada, anque crecente, inserción —e pre-dilección— por Europa, converxendo así cos valores doutras áreas económicas.

**Cadro 3.- Comercio co Terceiro Mundo (1990-1994): Galicia e España**

Anos	Importacións		Exportacións		Comercio exterior			Taxa de cobertura
	Valor (1)	Índice (2)	Valor (1)	Índice (2)	Valor (1)	Índice (2)	3M/T (3)	
<b>GALICIA</b>								
1990	145.027	100,0	30.407	100,0	175.434	100,0	27,0	21,0
1991	153.702	99,0	41.410	127,2	195.112	103,8	29,3	26,9
1992	151.783	91,6	40.321	116,0	192.104	95,8	27,2	26,6
1993	151.655	87,6	75.635	208,5	227.290	108,6	24,6	49,9
1994	174.278	96,7	43.701	115,7	217.979	100,0	20,3	25,1
<b>ESPAÑA</b>								
1990	1.552.592	100,0	826.089	100,0	2.378.681	100,0	16,4	53,2
1991	1.740.566	104,7	903.182	102,1	2.643.748	103,8	16,8	51,9
1992	1.840.225	103,7	979.116	103,7	2.819.341	103,7	16,7	53,2
1993	1.792.309	98,8	1.461.480	151,3	3.253.789	117,0	17,7	81,5
1994	2.140.145	112,3	1.646.663	162,5	3.786.808	129,7	17,1	76,9
Millóns de pesetas e porcentaxe. (1): Pesetas correntes; (2): Número índice en pesetas constantes, empregando o deflactor do PIB para España; (3): 3M/T: Comercio exterior co Terceiro Mundo sobre o total extraestatal (en porcentaxe).								

FONTE: Elaboración propia a partir de Cristeto e Sánchez (1990-1994) e Albareda (1996).

Considerando importacións e exportacións por separado, podemos comprobar dinámicas diferenciadas. Mentres as primeiras decrecen lixeiramente en pesetas constantes, agás no ano 1994 que parecen recobra-lo pulso inicial, as segundas seguen unha evolución crecente, anque con oscilacións moi bruscas —especialmente no ano 1993 polas desvalorizacións da peseta xa citadas—. O resultado final, dado o maior peso da actividade importadora sobre a exportadora, é un certo estancamento do comercio exterior co Terceiro Mundo en termos absolutos, coa única excepción de 1993. España, pola contra, mantén nos últimos dous anos unha actividade comercial crecente, que se debe ó lixeiro ascenso das importacións e ó destacado crecemento das exportacións —que explica o forte salto da taxa de cobertura—.

<sup>11</sup> Ver Oliveres (1995). Anque non é estrictamente comparable con Galicia e Cataluña, a participación do Terceiro Mundo no comercio de España e Europa é, respectivamente, do 17% e do 13%.

## ANÁLISE POR ÁREAS XEOGRÁFICAS E PAÍSES

No lustro 1990-94 a actividade comercial galega co Terceiro Mundo é dispar segundo a área xeográfica que se considere. Destacan sobre todo as relacións con América Latina, seguíndolle de preto as dúas áreas nas que se divide o continente africano: a África Subsahariana e o Magreb; a máis distancia atópanse o Extremo Oriente e o Oriente Medio. De seguido, realízase unha referencia a cada unha das áreas, facendo fincapé no comportamento das importacións e exportacións, da taxa de cobertura e da dinámica seguida no período de estudo. Para isto emprégase a gráfica 1, que recolle os valores absolutos en pesetas correntes, e a gráfica 2, que expresa as oscilacións sobre a actividade comercial en pesetas constantes.

América Latina destaca no comercio con Galicia fundamentalmente polas importacións, que supuxeron en 1994 un total de 71 mil millóns de pesetas, case o dobre das procedentes da seguinte área en importancia. Contrastan estas cifras coas escasas exportacións galegas que recibe —en 1994, 13,8 mil millóns—, orixinando para o lustro tratado a taxa media de cobertura máis baixa das cinco áreas consideradas: arredor do 20%. No tocante á dinámica seguida, as importacións medran na maioría dos anos e a taxa media de crecemento sitúase no 11%. En 1993 prodúcese un lixeiro descenso nesa tendencia, que, por certo, vai ser común en tódalas áreas<sup>12</sup>. Pola súa banda, as exportacións, anque manifestan unha certa tendencia crecente en termos relativos, a realidade é que, dado o seu reducido valor, en termos absolutos practicamente se manteñen. É por este motivo polo que a evolución global do comercio galego con América Latina é un calco da evolución seguida polas importacións, sendo a máis regular de tódalas áreas, anque non a máis importante.

As relacións comerciais coa África Subsahariana tamén teñen unha importancia destacada e crecente. As importacións son constantes para o período por un valor de arredor de 35 mil millóns de pesetas; as exportacións son máis cativas, anque en clara alza, e tamén moi fluctuantes: as efectuadas en 1993 son equivalentes ás dos catro anos restantes e achéganse ás importacións dese ano. A taxa media de cobertura, en todo caso, tan só acada o 37%, con fortes fluctuacións entre uns anos e outros, como cabería agardar. Polo que atinxe á evolución do comercio, cómpre destacar as fortes taxas de crecemento das operacións de exportación con orixe en Galicia, que ensombrecen sen lugar a dúbidas ás das outras áreas e para nada se asemellan ás nulas taxas de crecemento das importacións. O resultado final é unha dinámica comercial coa África Subsahariana que non desmerece á realizada con América Latina, agás en 1994, que parece que manifesta certo decaemento.

En contraste coas áreas anteriores, as transaccións comerciais co Magreb —de volume semellante ás da África Subsahariana— evidencian unha paulatina deterioración, extensible tanto ás importacións como ás exportacións. Precisamente esa deterioración queda de manifesto nunhas taxas de crecemento negativas para todo


---

<sup>12</sup> Ver nota 10.



o período —coa única excepción de 1993 nas exportacións e 1994 nas importacións—, que non se dan en ningunha outra área. A taxa de cobertura está na liña das xa comentadas, é dicir, presenta valores cativos: a media sitúase no 33%.

**Gráfica 1.- Comercio galego co Terceiro Mundo (1990-1994)**




Miles de millóns de pesetas correntes.

FONTE: Elaboración propia a partir de Cristeto e Sánchez (1994).

O Extremo Oriente merece un tratamento diferenciado das anteriores áreas porque a actividade comercial desenvolta con el é moito máis reducida, anque cun vigor salientable. Dado o tipo de produtos nos que están especializados estes países —manufacturas intensivas en man de obra, basicamente— é entendible que sexa o capítulo de importacións o que teña máis peso, producíndose un salto importante en 1992. As exportacións, sen acadar valores tan elevados, progresivamente están absorbendo unha boa parte dos fluxos comerciais galegos cara ó Terceiro Mundo, colocándose mesmo diante do Magreb. Sen dúbida, trátase duns mercados por descubrir e cun gran potencial. A proba é que a taxa media de co-

bertura do período supera o 50%. En termos dinámicos, trátase do caso no que máis medra o comercio global: dúplícase en termos de pesetas constantes e a evolución é semellante tanto para as importacións como para as exportacións.

**Gráfica 2.- Comercio galego co Terceiro Mundo (1990-1994)**



Números índice en pesetas constantes. 1990=10.

FONTE: Elaboración propia a partir de Cristeto e Sánchez (1990-1994).

O comercio co Oriente Medio, tamén pequeno, mantén unha posición máis ou menos constante no período estudado, que oscila sobre os 10 mil millóns de pesetas. Céntrase sobre todo nas importacións de petróleo procedentes de Arabia Saudí e móvense en función da dinámica deste recurso enerxético. Destaca por este motivo o incremento vivido en 1993. No tocante ás exportacións a esta zona, cada vez son máis reducidas, por non dicir case que inexistentes. A taxa de cobertura oscila moito duns anos a outros —entre o 10 e o 98%—, aínda que, dado o limitado das exportacións, a penas é relevante.

Para completa-la descrición das cinco áreas nas que se dividiu o Terceiro Mundo, cómpre deterse nalgúns trazos dos países cos que teñen lugar as transaccións



comerciais. Podería pensarse que se trata dun número importante; nada máis lonxe da realidade: tal e como pon de relevo o cadro 4, a actividade comercial concéntrase en vintecinco países que, anque en termos de poboación son unha parte importante do Terceiro Mundo, nin moito menos é un número elevado, distribúese asimetricamente por áreas e, ademais, nin se trata dos máis pobres nin dos máis pequenos<sup>13</sup>.

**Cadro 4.- Comercio exterior galego co Terceiro Mundo por países (1994)\***

Orde	País	Importacións	Exportacións	Saldo comercial	Comercio Exterior
1	Libia	29.843	2.150	-27.693	31.993
2	Arxentina	22.897	2.936	-19.961	25.833
3	México	14.448	3.554	-10.894	18.002
4	Namibia	14.306	198	-14.108	14.504
5	Brasil	10.566	1.898	-8.668	12.464
6	Guinea	9.090	129	-8.961	9.219
7	Chile	8.131	645	-7.486	8.776
8	Marrocos	3.151	4.404	1.253	7.555
9	Liberia	293	6.485	6.192	6.778
10	Panamá	4.681	1.336	-3.345	6.017
11	Arabia Saudí	5.359	416	-4.943	5.775
12	China	4.337	1.049	-3.288	5.386
13	Taiwán	1.171	3.815	2.644	4.986
14	Tunisia	3.331	459	-2.872	3.790
15	Nixeria	3.023	731	-2.292	3.754
16	Mozambique	3.217	448	-2.769	3.665
17	Sudáfrica	3.192	380	-2.812	3.572
18	Tailandia	3.044	306	-2.738	3.350
19	Alxeria	2.063	935	-1.128	2.998
20	Indonesia	2.427	429	-1.998	2.856
21	Camerún	2.828	3	-2.825	2.831
22	Colombia	2.208	415	-1.793	2.623
23	Perú	2.039	62	-1.977	2.101
24	Venezuela	1.516	575	-941	2.091
25	Ecuador	1.872	95	-1.777	1.967
	Total 25 países	159.033	33.853	-125.180	192.886

Millóns de pesetas.  
\* Relación dos 25 países do Terceiro Mundo ordenados por comercio exterior.

FONTE: Elaboración propia a partir de Cristeto e Sánchez (1994).

A distribución por áreas é a seguinte: nove países corresponden a América Latina, sete á África Subsahariana, catro ó Magreb, catro ó Extremo Oriente e un ó Oriente Próximo. Sendo máis estrictos na selección, e establecendo o listón nun comercio superior ós 10.000 millóns de pesetas, tan só cinco países quedarían na lista: un do Magreb, tres de América Latina e un da África Subsahariana. Curiosamente, destes, catro estarían incluídos fundamentalmente pola importación dun único produto: Libia e México polo petróleo; Arxentina e Namibia pola pesca.

<sup>13</sup> Dos vintecinco países mencionados no cadro 4, podemos face-las seguintes precisións. Tan só os países subsaharianos (agás Sudáfrica) se atopan entre os que o PNUD considera cun desenvolvemento humano baixo. Oito países teñen unha superficie inferior á de España. En termos de poboación, os vintecinco supoñen aproximadamente o 46% da poboación do Terceiro Mundo. Á súa vez, a poboación dos países cos que se comercia sobre o total da área no caso de América Latina supón o 83%; na África Subsahariana, o 29%; no Magreb, o 97%; no Extremo Oriente, o 44%; e no Oriente Próximo, o 8%.

Outro trazo característico de case tódolos países citados é que o saldo comercial que Galicia mantén con eles resulta deficitario. Nos poucos casos nos que hai superávit, explícase en boa parte pola exportación dun produto concreto: barcos para a pesca a Liberia e granito a Taiwán.

### ANÁLISE POR PRODUCTOS

No repaso que se fixo no apartado 2.1 quedaba de manifesto cáles eran os principais produtos que se comercian co Terceiro Mundo. Procede agora deterse na participación que estes países teñen nas principais partidas das importacións e exportacións.

No cadro 5 vese claramente como o Terceiro Mundo non subministra produtos que incorporan tecnoloxía (capítulos 87 e 84, que corresponden á actividade de Citróen), senón que basicamente proporciona *recursos naturais en bruto*. Así, dos cinco primeiros capítulos, que supoñen o 68,5% das importacións, tres son materias primas (recursos pesqueiros, enerxéticos e forestais) e proceden na súa meirande parte dos países subdesenvolvidos. Evidentemente, estas importacións, xunto coas asociadas á produción de aluminio, diríxense a sectores industriais básicos de Galicia (onde operan transnacionais importantes como Pescanova, Repsol, Finsa e Alúmina Española), cunha produción enfocada fundamentalmente cara a mercados de áreas económicas máis desenvolvidas. Convértese así Galicia nunha economía extrovertida<sup>14</sup> e dependente tanto dos países que subministran recursos como dos que importan os produtos con pouco compoñente tecnolóxico.

Cómpre destacar, tamén, as importacións de téxtiles que, cunha relevancia menor e cunha participación do Terceiro Mundo de aproximadamente un 18%, están medrando dun xeito importante. O sector, cunha multinacional (Inditex-Zara) que o abandeira, está acudindo cada vez máis a mercados con man de obra barata para realiza-la parte do seu proceso productivo onde a intensidade do factor traballo é máis decisivo (Crespo *et al.*, 1993, p. 109).

Fronte ó comentado, a participación do Terceiro Mundo no capítulo de exportacións é baixa (cadro 6). Algunhas das razóns xa se comentaron: preferencia polos mercados europeos, actividade exportadora moi concentrada (só Citróen xera o 40% das operacións de venda ó exterior), falta de articulación no sector e actividade comercial tradicional. A isto hai que engadi-la dificultade para competir con moitos dos países do Terceiro Mundo, que manteñen unha posición na escena internacional semellante á de Galicia e nos que a man de obra é máis barata<sup>15</sup>.

<sup>14</sup> Consiste este trazo das economías periféricas en tomar (ou xerar) materias primas, transformalas en bens de consumo ou en medios de produción pouco sofisticados, para logo colocar estes no Primeiro Mundo. Unha reflexión máis fonda a este respecto atópase en Fernández Leiceaga (1992, p. 123).

<sup>15</sup> A construción naval e a industria das conservas, por citar dúas ramas productivas nas que Galicia ten certa especialización (ver en Fernández Leiceaga 1995, p. 125, o perfil da inserción externa dos distintos sectores da economía galega) coñecen ben este problema.



**Cadro 5.-** Participación do Terceiro Mundo nos 10 produtos con maior importación (1994)

Orde	Capítulo/Producto (1)	Valor	% total import.	Procedencia Terceiro Mundo
1	87 Material de transporte terrestre	135.047	23,0	0,0
2	03 Productos pesqueiros	96.064	16,4	67,6
3	27 Productos enerxéticos	87.859	15,0	72,9
4	84 Maquinaria mecánica	65.021	11,1	0,0
5	44 Madeira e manufacturados	17.542	3,0	42,1 (3)
6	23 Residuos de industrias alimentarias	14.114	2,4	N.D.
7	72 Fundición, ferro e aceiro	12.173	2,1	2,1 (4)
8	62 Pezas e complementos de vestir, agás punto	10.272	1,8	17,9 (5)
9	61 Pezas e complementos de vestir de punto	9.993	1,7	17,9 (5)
10	26 Minerais, escouras e cinzas	9.933	1,7	N.D.
Total 10 primeiros produtos		458.019	78,2	
Total importacións		585.527	100,0	

Millóns de pesetas.  
 (1): Capítulos estatísticos segundo a nomenclatura Taric; (2) Estas porcentaxes son aproximadas dada a imposibilidade de desagrega-la orixe "Resto"; (3): Tómase a porcentaxe para a partida de madeira serrada, que é maioritaria; (4): Nestas cifras inclúense varios países do Leste e os EE.UU.; (5): Tómase a porcentaxe para o conxunto de produtos téxtiles, onde son maioritarios.

FONTE: Elaboración propia a partir de Cristeto e Sánchez (1994).

**Cadro 6.-** Participación do Terceiro Mundo nos 10 produtos con maior exportación (1994)

Orde	Capítulo/Producto (1)	Valor	% total import.	Procedencia Terceiro Mundo
1	87 Material de transporte terrestre	197.901	40,7	4,7
2	03 Productos pesqueiros	49.404	10,2	4,6
3	68 Pedra, lousa, etc.	26.069	5,4	5,5 (3)
4	76 Aluminio e manufacturados	20.319	4,2	14,5 (4)
5	27 Productos enerxéticos	17.092	3,5	25,3
6	44 Madeira e manufacturados	16.059	3,3	15,3 (5)
7	47 Pasta de madeira	15.857	3,2	N.D.
8	16 Conservas pesqueiras	15.795	3,2	11,7
9	89 Material de transporte marítimo	12.743	2,6	69,2
10	62 Pezas e complementos de vestir, agás punto	12.003	2,4	20,0 (6)
Total 10 primeiros produtos		383.240	78,9	
Total importacións		485.770	100,0	

Millóns de pesetas.  
 (1): Capítulos estatísticos segundo a nomenclatura Taric; (2) Estas porcentaxes son aproximadas dada a imposibilidade de desagrega-lo destino "Resto"; (3): Nesta cifra inclúense as exportacións dirixidas cara ós Estados Unidos e ó Xapón; (4): Tómase a porcentaxe para o conxunto de produtos metálicos (onde tamén se inclúe o capítulo de Fundición, ferro e aceiro); (5): Tómase a porcentaxe para a partida de tableiros de fibras que é maioritaria; (6): Tómase a porcentaxe para o conxunto de produtos téxtiles, onde é maioritario.

FONTE: Elaboración propia a partir de Cristeto e Sánchez (1994).

Pódese destacar, de tódolos xeitos, a colocación nunha porcentaxe moderada de certos produtos coma o aluminio, os derivados do petróleo, os derivados forestais, as conservas pesqueiras e, xa en maior proporción, o material de transporte marítimo. En certa medida, Galicia actúa así como *área desenvolvida*, no sentido de que coloca en países do Terceiro Mundo produtos manufacturados para os que houbo que importar materias primas deses mesmos países.

Para rematar con este apartado é oportuno facer referencia a un fenómeno que nos últimos tempos está sendo habitual no comercio mundial: a deslocalización da actividade productiva motivada por razóns de índole económica (custos de produción máis baratos, proximidade ó recurso, etc.) ou de índole política (prohibición de acceso ós recursos, acordos no seo da Comunidade Europea, etc.). Isto, sen dúbida, aféctalle á análise do comercio exterior dado que as transaccións que antes da deslocalización Aduanas computaba, despois desta, desaparecen<sup>16</sup>.

## CONCLUSIÓNS

A estas alturas estamos en condicións de extraer unha serie de trazos que definen o comercio galego co Terceiro Mundo, e que poden sintetizarse en:

- 1) *Escasa relevancia da actividade comercial co Terceiro Mundo dentro do total da actividade exterior*: Se se consideran os datos das Táboas Input-Output para 1990, a participación do Terceiro Mundo no comercio galego atópase por debaixo do 7%.
- 2) *Papel discreto, anque á baixa, dentro do comercio internacional*: Se se exclúen as operacións co resto do Estado, a participación do comercio co Terceiro Mundo xa ten certa relevancia (20-30%). Este dato, en principio interesante, vese escurcido pola tendencia descendente que mostra nos últimos anos, asociado en boa medida ó crecente interese polas transaccións coa Unión Europea no marco do Mercado Único Europeo.
- 3) *Asimetría nas relacións comerciais*: Os valores das importacións superan abondo ós das exportacións, o que se evidencia nunha taxa de cobertura de arredor do 25%, moi por debaixo da que ten o conxunto estatal (50-80%). Por áreas compróbase cómo se mantén esa asimetría, sobre todo naquelas coas que se realiza unha maior actividade de intercambio.
- 4) *As importacións concéntranse basicamente na subministración de recursos e nas manufacturas con man de obra barata*: Destacan as importacións de recursos pesqueiros, enerxéticos e forestais e, en menor medida, de manufacturas téxtiles. Maniféstase así a gran dependencia dalgúns dos principais sectores productivos galegos do comercio cos países do Terceiro Mundo.
- 5) *As exportacións son escasas e concentradas en poucos produtos*: Pódese destaca-la colocación en porcentaxes pequenas de produtos coma o aluminio, os derivados do petróleo, os derivados forestais e as conservas pesqueiras. Mención á parte ten a venda de material de transporte marítimo, polo menos no período estudado. En fin, coloca produtos transformados a partir de materias

<sup>16</sup> No caso galego isto é moi evidente no sector pesqueiro. Non hai máis que pensar nas plantas que Pescanova ten en Namibia ou nas empresas mixtas que se teñen que crear en distintos países para poder pescar. O resultado final disto é que os comentarios realizados para estes produtos (e pode que para outros) poidan sufrir alteracións. Ver Varela *et al.* (1996).



primas obtidas previamente neses mesmos países. Tamén se evidencia cómo se trata dun comercio convencional, onde cada vez resulta máis difícil competir debido ó propio desenvolvemento que se dá nalgúns dos países do Terceiro Mundo. Isto é consecuente co aumento no comercio intraindustrial que se vive con eses países (Fernández Leiceaga, 1995, p. 122).

- 6) *Concentración espacial das transaccións comerciais*: A actividade comercial concéntrase nun número reducido de países, podéndose distinguir aqueles que están en condicións de oferta-los recursos primarios demandados ou a man de obra precisa para elaborar certas manufacturas —en ámbolos dous casos a relación é claramente deficitaria—, dos países que precisan dalgún produto específico —barcos, granito, etc. — nos que a relación produce superávit<sup>17</sup>.

De acordo cos datos de 1994, Latinoamérica está moi presente nas relacións con Galicia, se ben dun xeito máis nominal ca real: tan só no caso da Arxentina, México e Brasil se superan os 10.000 millóns de pesetas de comercio exterior. Tamén chama a atención o feito de que a penas hai intercambio cos países máis pequenos do continente.

As relacións con países de África e Asia xa son máis contadas, sendo habituais as asociadas a un único produto. Mostra disto son os dous países cos que se mantén un intercambio superior ós 10.000 millóns de pesetas: Libia, que exporta petróleo, e Namibia, que exporta recursos pesqueiros. Tamén son de destaca-las emerxentes relacións coas novas economías industrializadas asiáticas, que aínda están en cernes, pero que presentan posibilidades tanto de importacións de manufacturas como de colocación de certas materias primas —granito— e produtos —derivados pesqueiros—.

- 7) *Dispar evolución da relación comercial coas distintas áreas xeográficas*: Das áreas con actividade relativamente importante, medra dun xeito estable con América Latina; coa África subsahariana tamén se produce unha alza, anque con moitas oscilacións por países; e co Magreb claramente diminúe. Precisamente con estas tres áreas é coas que a taxa de cobertura se manifesta máis cativa, con valores polo corrente moi inferiores ó 50%. Das outras dúas áreas, o Extremo Oriente parece que avanza a un ritmo forte, e non só no apartado de importacións: de feito a taxa de cobertura supera o 50%. O comercio con Oriente Medio —que practicamente se reduce ás importacións de petróleo crú de Arabia Saudí—, á parte de ser moi pequeno, é moi fluctuante.

- 8) *Galicia pódese considerar, para os efectos comerciais, como a "Fisterra" europea*: En relación con Europa opera en xeral como unha área subdesenvolvida (exporta materias primas e produtos elaborados que non incorporan excesiva tecnoloxía, e importa produtos tecnoloxicamente avanzados); pola contra, co Terceiro Mundo actúa como área desenvolvida (as poucas exportacións que

<sup>17</sup> Curiosamente, as exportacións galegas superan os 3.000 millóns de pesetas en catro dos vinte e cinco países do cadro 4 e, deles, tres son os únicos que proporcionan superávit no seu comercio con Galicia.

realiza son en boa parte productos elaborados a partir das materias primas que importa).

## BIBLIOGRAFÍA

- ALBAREDA, L (1996): *El comercio español con el tercer mundo*. Barcelona: Intermón.
- ALONSO, J.A. (1995): "Comercio exterior", en García Delgado [coord.]: *Lecciones de economía española*. Civitas.
- BARREIRO, J.M. ET AL. (1993): "O comercio exterior dos productos agroalimentarios galegos", *Revista Galega de Economía*, vol. 2, núm. 1.
- CRESPO, T. ET AL. (1993): "O comercio exterior do sector téxtil-confección galego", *Revista Galega de Economía*, vol. 2, núm. 1.
- CRISTETO, B. (1994): "As vantaxes comparativas do comercio exterior de Galicia no período 1984-1994", *Revista Galega de Economía*, vol. 3, núm. 2.
- CRISTETO, B.; SÁNCHEZ, J. (1990-1994): *Comercio exterior de Galicia. Informe*. Ministerio de Comercio y Turismo. Banco Pastor.
- FERNÁNDEZ LEICEAGA, X. (1992): "As relacións comerciais de Galicia con Latinoamérica na década dos 80", en L. Alonso Álvarez [coord.]: *Os intercambios entre Galicia e América Latina. Economía e historia*. Universidade de Santiago de Compostela.
- FERNÁNDEZ LEICEAGA, X. (1995): "Los cambios recientes en la inserción comercial externa de Galicia", *Información Comercial Española*, núm. 748.
- FERNÁNDEZ ROXO, X.A. (1996): "O comercio galego co Terceiro Mundo", *Documentos Intermón*, núm. 10. Intermón.
- IDEGA-AFI (1996): *Informe de coxuntura da economía galega*. Fundación Caixa Galicia.
- IGE (1993): *Táboa Input-Output e contabilidade rexional. Ano 1990*. Xunta de Galicia.
- MIGUEL, J.C. DE; OTERO, M.A. (1992): "O sector exterior galego. Situación e tendencias actuais", *Revista Galega de Economía*, vol. 1, núm. 2.
- MINISTERIO DE COMERCIO Y TURISMO (1995): "Sector exterior en 1994", *Información Comercial Española*.
- NOVO CORTI, M.I. (1992): "O comercio de Galicia con Iberoamérica en 1988", en L. Alonso Álvarez [coord.]: *Os intercambios entre Galicia e América Latina. Economía e historia*. Universidade de Santiago de Compostela.
- OLIVERES, A. (1995): "Catalunya i el Tercer Món: Les Relaciones Humanes i Econòmiques", *Anuari Catalunya-Tercer Món 1995*. Justícia i Pau.
- VARELA, M. ET AL. (1996): "El sector de la pesca y los productos transformados", en J.M. Sumpsi e L.V. Barceló [coord.]: *La Ronda Uruguay y el sector agroalimentario español*. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- VV.AA. (1987): "Comercio Exterior", en: *A Economía Galega. Informe 1986*. Santiago de Compostela: IDEGA. Fundación Caixa Galicia.
- VV.AA. (1990): "Sector Forestal", en: *A Economía Galega. Informe 1990*. Santiago de Compostela: IDEGA. Fundación Caixa Galicia.
- VV.AA. (1995): "Agricultura", en: *A Economía Galega. Informe 1993-94*. Santiago de Compostela: IDEGA. Fundación Caixa Galicia.